



A charla virtual de R sobre o programa 'Kit Dixital' de axudas a empresas con Fondos 'Next Generation' supera todas as expectativas de convocatoria con 300 inscritos/as

R asesora e acompaña as empresas galegas para que aproveiten ao máximo o 'Kit Dixital'

- ***O programa 'Kit Dixital', iniciativa do Goberno de España, conta cun orzamento de 3.000 millóns de euros procedentes dos fondos europeos "Next Generation EU" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.***
- ***Os portavoces expertos de R, Alberto Díaz Freire, e de MASMOVIL, Sabela Tilve Otero, explicaron esta mañá no auditorio virtual de R 'The Tech Experience', as claves deste programa de axudas para pequenas e medianas empresas que pretende impulsar a recuperación social e económica tras a pandemia.***
- ***O responsable de Alianzas e Transformación Dixital de R explicou, para un auditorio de preto de 300 persoas, que o operador galego aspira a converterse en 'axente dixitalizador' co fin de axudar as pemes a atopar a solución máis adaptada ás súas necesidades, aproveitando a oportunidade singular que agora brindan os fondos europeos.***
- ***A responsable de I+D de proxectos estratégicos de MASMOVIL detívose en debullar as claves do programa e os pasos esenciais que as pemes deben dar para tirarlle todo o partido ás axudas e poder competir en calquera mercado.***

Xoves, 3 de febreiro de 2022.- R continúa do lado das pemes tamén neste momento estratéxico de chegada dos fondos europeos "Next Generation". O propósito é paliar no posible os efectos da pandemia e aproveitar o momento para apostar pola investigación e o desenvolvemento tecnolóxico dos negocios a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. <https://www.acelerapyme.gob.es/kit-digital>

Para aclarar todo o relativo ao uso destes fondos por parte das pemes galegas, R desenvolveu esta mañá unha primeira **charla informativa** no seu edificio virtual *The Tech Experience* que superou todas as súas expectativas de convocatoria cunha cifra de **300 inscritos/as**.

Baixo o título “O programa ‘Kit Dixital’: que é e en que consiste?”, a responsable de I+D de proxectos estratéxicos de MASMOVIL, Sabela Tilve, repasou os fundamentos para entender como articular e rendibilizar estas axudas que poden chegar ata os 12.000 euros.

Son os chamados **bonos dixitais**, nos que Tilve se detivo analizando en que consisten, que solucións engloban, con que importes, como solicitalos, a quen van dirixidos ou de que prazos se dispón, entre outras cousas.

Bonos de dixitalización e un millón de empresas

O programa ‘Kit Dixital’ é unha iniciativa aprobada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital español. Cun orzamento total de 3.000 millóns de euros procedentes dos fondos *Next Generation EU*, facilitaranse axudas para dixitalizar **un millón de pequenas empresas, microempresas e traballadores autónomos** pertencentes a calquera sector ou tipoloxía de negocio.

*“Con esta finalidade preparáronse os **bonos dixitais**, cos que as pemes poderán contratar unha ou varias solucións dun catálogo específico e tomar impulso para avanzar significativamente no seu nivel de madurez dixital”,* asegurou Tilve”. Os bonos poden alcanzar un máximo de **12.000 €** para empresas de 10 a 49 empregados, **6.000 €** para microempresas de entre 3 e 9 empregados e **2.000 €** para as que teñan entre 1 e 2 traballadores. Unha vez realizados todos os trámites, espérase que o bono dixital sexa entregado aos 15 días da súa solicitude. E farase por orde de chegada das empresas, ata que se esgoten os fondos.

R, ‘axente dixitalizador’

Pola súa banda Alberto Díaz Freire, na súa intervención “*Kit Dixital: o papel das pemes solicitantes e os axentes dixitalizadores*” explicou que **R** aspira a converterse en **‘axente dixitalizador’** “*para axudar as pemes durante todo o proceso coa solución máis adaptada ás súas necesidades, aproveitando a oportunidade singular que neste momento ofrecen os fondos europeos*”. Neste sentido, **R** diferénciase do resto de competidores porque propón un **seguimento e asesoramento único a cada solicitante**. Ao tempo, pon á súa disposición unha **gama ampla de servizos** orientados á dixitalización do negocio e bríndase para a **tramitación das axudas** (bonos) e a **implantación posterior dos servizos**.

*“Trátase, continúa Díaz, de acompañar e asesorar pequenas e medianas empresas para dotalas de solucións áxiles e sinxelas. Para iso contamos en R con importantes **alianzas estratéxicas**; non se trata tan só de acordos con grandes empresas e socios de referencia senón tamén con outras pemes nacionais e locais para lograr solucións específicas (...) Ese é o grande aspecto diferencial da proposta de R: a súa sensibilidade ante empresas non tan grandes, acompañándoas e asesorándoas de maneira personalizada e adaptada a cada unha delas en todo momento.”*

Problemas concretos, solucións concretas

Na charla, dirixida especialmente a empresas de 10 a 49 empregados/as, concretáronse tamén algunhas desas **solucións dixitais urxentes** e imprescindibles na actualidade para calquera negocio que queira manterse no mercado e competir. Solucións que **R** ofrecerá como ‘axente dixitalizador’ e que van dende **melloras no sitio web**, reforzo da **seguridade das comunicacións**, xestión das **redes sociais**, desenvolvemento da **enseñaría e analítica de clientes/as**, pasando pola xestión de **procesos** e **factura electrónica** ata a **ciberseguridade** e os servizos e ferramentas da **oficina virtual**.

R tamén estará xunto ás empresas que necesiten axuda para realizar o **test de madurez dixital** que se atopa dispoñible no portal oficial [Acelera Pyme](#) e ofrécese, así mesmo, aos solicitantes, para a **tramitación do bono dixital**, actuando como representante voluntario que completará as xestións necesarias ata a obtención da subvención.

O operador galego busca igualmente actuar como ‘axente dixitalizador’, **implantando esas solucións e dándolles o servizo durante os 12 meses da axuda** ás pemes que xestionen coa compañía o bono dixital, sexan ou non clientes de **R**, e prolongando o devandito servizo no tempo, se a empresa así o decide.

Finalmente, Díaz Freire revalidou esta mañá *“o compromiso de **R** coa redución da fenda dixital; consideramos que medidas como a do bono son moi útiles para impulsar o tecido empresarial das pemes, de forma que todos os negocios teñan as mesmas oportunidades. En **R** apostamos por un paquete diferencial para que os emprendedores poidan esquecerse dos trámites e centrarse na súa empresa”*, sinalou.

Comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal